Fin DA POBREZA

GRAZAS AO ESFORZO DE TODOS, DE 1990 A 2005 A POBREZA NO MUNDO DESCENDEU.

ISO É UNHA BOA NOTICIA!

36%

10%

SI, MAIS POR MOR DAS CRISES ECONÓMICAS, OS CONFLITOS E A RECENTE PANDEMIA, ROMPEUSE ESA BOA TENDENCIA E POR PRIMEIRA VEZ NAS ÚLTIMAS DÉCADAS AUMENTOU.

E, COMO SEMPRE, SON AS POBOACIÓNS MÁIS VULNERÁBEIS AS QUE MÁIS A SOFREN.

A POBREZA LOCALÍZASE NOS PAÍSES EN DESENVOLVEMENTO COMO ASIA MERIDIONAL OU ÁFRICA SUBSAHARIANA.

SOBRE TODO. PERO TAMÉN NOS PAÍSES RICOS. XA QUE OS EMPREGOS PRECARIOS NON IMPIDEN QUE MOITAS FAMILIAS VIVAN NA EXTREMA POBREZA.

MÁIS DE 700 MILLÓNS DE PERSOAS NO MUNDO NON PODEN SATISFACER AS NECESIDADES BÁSICAS: SAÚDE, EDUCACIÓN, ACCESO A AUGA E SANEAMENTOS...

AS MULLERES E OS NENOS SON OS QUE MÁIS PADECEN ESTA SITUACIÓN, E 1 DE CADA 5 NENOS VIVE NA POBREZA.

E COMO PODEMOS ENTÓN ATINXIR O OBXECTIVO?

SE OS PAÍSES RICOS DEDICASEN O 1% DOS SEUS INGRESOS A AXUDAR AOS QUE ESTÁN EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO O OBXECTIVO DO FIN DA POBREZA SERÍA ATINXIDO.

LOGRALO DEPENDE DE TODOS NÓS, CADA UN DESDE A SÚA POSICIÓN...

POIS IMOS ESIXIRLLES AOS NOSOS GOBERNOS O COMPROMISO DE AXUDAR AOS GRUPOS VULNERÁBEIS.